

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 21/11/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCÍA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 21/11/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 14 de novembro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/3981

Dáse conta do escrito presentado por C.P. Avda Cambados 13-15, solicitando o repintado da zona de estacionamento existente fronte aos números 11-17 da Avda de Cambados, visto o informe da Policía Local que indica que efectivamente na devandita zona as marcas dos estacionamentos están bastante borradas, casi inapreciables. a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o repintado de ditas zonas de aparcamentos, así mesmo acórdase converter en batería de espiga, a zona de batería cara á beirarrúa que separa da estrada, sinalizando con frecha nun só sentido de circulación, entrando polo nº17 e saíndo polo nº11.

PRP2022/3982

Dáse conta do informe da Policía Local en relación á sinalización dunha zona de carga e descarga situada na rúa Alejandro Cerecedo. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a instalación dun sinal vertical situada na fachada do inmovible nº13 da citada rúa, así mesmo acórdase delimitar e sinalizar na calzada con marcas lonxitudinais discontinuas de cor amarela.

PRP2022/3993

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Cesar Paz, S.L. para reparación accesos, formación de losas de formigón en corredor entre muros de peche e edificio do CEIP CARRIL, fachada principal e posterior, por un importe total de 15.173,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4166

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Cesar Paz, S.L. para limpeza e selado de canalóns e cuberta, e reparación de filtracións do CEIP CARRIL, fachada principal e posterior, por un importe total de 7.913,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4170

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos, de adxudicación de traballos de tomas de datos e investigación sobre o verquido de hidrocarburos nas redes de drenaxe e subsolo nas rúas Doutor Tourón e Avda Rodrigo de Mendoza:

No mes de marzo de 2022 a Comunidade de Veciños do edificio Mar de Arousa, sita entre as rúas Doutor Tourón e Avda. Rodrigo de Mendoza, detectaron a presenza de hidrocarburos nas redes de drenaxe e nos subsolos e paredes dos garaxes da súa finca.

Por acordo do Pleno da Corporación do 27 de outubro de 2022, este concello comprometeuse a:

- Poñer tódolos medios ó seu alcance para identificar a orixe do vertido.
- Instar a outras Administracións e Organismos Públicos competentes para colaborar na búsqueda da orixe do vertido.
- Realizar naqueles puntos do solo e subsolo público da contorna do edificio que puideran estar afectados, sondeos con toma de mostras e análise posterior para determinar a posible existencia e o nivel de concentración de hidrocarburos, a fin de garantir a non presenza de balsas soterradas que poidan continuar filtrando gas-oil ós afectados ó longo do tempo ou derivar por escorrentías directamente ao río do Con.
- Asesorar aos veciños afectados para solucionar un problema sobrevido co fin de previr un problema medio ambiental para a cidadanía en xeral.

En cumprimento do acordo plenario solicitouse orzamento para realizar visita de toma de datos e proposta de investigación de solos á empresa especializadas en estes traballos Hera Holding Habitat, Ecología y Restauración Ambiental, S.L., quen remitiu un orzamento de 1.500,00€ (IVE non engadido).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a mercantil HERA HOLDING HABITAT ECOLOGIA Y RESTAURACION AMBIENTAL SL (B61540969) os traballos de visita de toma de datos e proposta de investigación de solos, en relación co vertido de hidrocarburos detectado nas rúas Doutor Tourón e Avda. Rodrigo de Mendoza, por importe de 1.500,00€ (IVE non engadido), ao que lle corresponde un IVE 21% de 315,00€ o que totaliza un orzamento de adxudicación de 1.815,00€ (IVE engadido).

PRP2022/4176

Vista a proposta do Servizo de Alumeado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Instalaciones Ecovila, S.L., para a instalación de elementos de calefacción para os habitáculos sen calefacción da Casa de Cultura de Rubiáns, por un importe total de 7.370,11€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-62300

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4178

Vista a proposta do Servizo de Alumeado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Instalaciones Ecovila, S.L., para a instalación de elementos de calefacción para os habitáculos sen calefacción da Casa de Cultura Trabanca Badiña, por un importe total de 7.103,91€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-62300

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2022/4188

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de outubro de 2022, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €

PRP2022/4189

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de outubro de 2022, por un importe total de 10.110,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	7	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1240,00 €
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	7	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1240,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	7	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1240,00 €
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	4	x 130,00 €	3	x 110,00 €	850,00 €
Dª MATILDE LAYA LORENZO	7	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1240,00 €
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	2	x 130,00 €	3	x 110,00 €	590,00 €
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	2	x 130,00 €	1	x 110,00 €	370,00 €
Dª INMACULADA DIEZ VILLARROYA	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
D. RAUL SANTAMARIA GONZALEZ	2	x 130,00 €	2	x 110,00 €	480,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	2	x 130,00 €	1	x 110,00 €	370,00 €
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	2	x 130,00 €	3	x 110,00 €	590,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	2	x 130,00 €	3	x 110,00 €	590,00 €
D. XOSÉ LOIS LEIROS GUDE	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	2	x 130,00 €	3	x 110,00 €	590,00 €
TOTAL					10110,00 €

BENESTAR SOCIAL**EMPREGO****PRP2022/3988**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2022, presentada por MF ASESORES CIV, SL.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2022/3998

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2022, presentada por Dos Espacios Internet Consulting, S.L. Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2022/4003

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2022, presentada por S.N. Rodisa, S.L.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2022/4100

Dáse conta da proposta da Concellería de Promoción Económica para ampliación de prazo de solicitudes de participación no mercado de Nadal 2022 Concello de Vilagarcía de Arousa:

PRIMEIRO. A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 31/10/2022 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e publicación das bases reguladoras do funcionamento e outorgamento de autorizacións para o exercicio da actividade de venda no mercado de Nadal de Vilagarcía 2022 ubicado na praza da II República.

Acórdase así mesmo aprobar a cota de participación de 6,25 €/día.

SEGUNDO. A data de presentación de solicitudes para participar no mercado estableceuse o 14 de novembro de 2022.

TERCEIRO. Tendo en conta que á data de finalización do prazo indicado, non se recibiron solicitudes suficientes para a ocupación da totalidade dos espazos de venda (casetas de madeira), a Xunta de Goberno Local acorda a modificación das bases reguladoras no extremo que se indica:

Onde dí: As solicitudes poderán achegarse ata as 00:00 horas do día 14 de novembro de 2022, de acordo cos modelos que se publicarán como (ANEXOS).

Só poderá presentarse unha solicitude por cada interesado o que dará opción a un único posto de venda, sen que sexa posible usar a persoas físicas ou xurídicas interpostas para optar a máis dun posto.

No caso de que se solicite máis dun posto, só se atenderá á primeira solicitude que conste no rexistro municipal, desestimándose o resto de solicitudes achegadas.

Deberá dicir: O prazo de presentación de solicitudes manterase aberto durante toda a duración do mercado, co fin de garantir a ocupación da totalidade das casetas ao longo do o mesmo e levar a cabo unha xestión eficiente das posibles baixas e/ou vacantes.

PRP2022/4106

Dáse conta do informe da Concellería de Promoción Económica de peche do programa de axudas municipais contratación por conta allea Concello de Vilagarcía 2022.

PRIMEIRO. No BOPPO de 1 DE AGOSTO DE 2022, publicáronse as BASES DE AXUDAS A CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA CONCELLO DE VILAGARCÍA 2022. A convocatoria doutouse cun orzamento de 45.000 Euros, establecéndose un máximo de axuda por empresa de

3.000 Euros.

A Base décimo-quinta da convocatoria establece:

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 241-470 Fomento de empresas . subvencións para o fomento do emprego" do orzamento municipal vixente, cun importe total de 45.000 € .

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto

SEGUNDO. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 15 de outubro de 2022, ó longo da súa vixencia foron presentadas na Concellería de Promoción Económica 9 solicitudes.

Tendo en conta que, á data do presente informe, todos os expedientes están resoltos ou informados, o importe total das axudas concedidas no presente exercicio ascende a 19.500 euros, segundo se especifica no cadro seguinte, restando na partida orzamentaria un remanente doutros 25.500 euros.

EXPEDIENTE	DNI/CIF	BENEFICIARIO/A AXUDA	1º Apellido	2º Apellido	CONTÍA CONCEDIDA
PROMECON/ 2022/000023	B94202140	ATLANTIC IT SOLUTIONS AND SERVICES, SOCIEDAD LIMITADA			3.000,00 €
PROMECON/ 2022/000024	B36593903	REDGAL VILLAGARCIA SL			2.500,00 €
PROMECON/ 2022/000027	B36596641	MF ASESORES CONSULTING INTEGRAL VILLAGARCIA SL			2.000,00 €
PROMECON/ 2022/000028	B36596641	MF ASESORES CONSULTING INTEGRAL VILLAGARCIA SL			3.000,00 €
PROMECON/ 2022/000031	B10577286	TRASNO RESTAURACION SOCIEDAD LIMITADA			3.000,00 €
PROMECON/ 2022/000033	35459704Y	MERCEDES INMACULADA	FONTENLA	ALONSO	0,00 €
PROMECON/ 2021/000042	B36562445	DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL			3.000,00 €
PROMECON/ 2021/000043	B36562445	DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL			0,00 €
PROMECON/ 2022/000045	B36125417	S N RODISA SL			3.000,00 €
TOTAL AXUDAS CONCEDIDAS 2021					19.500 €

A Xunta de Goberno Local acorda ter por pechada a convocatoria do Programa de Axudas á Contratación por conta Allea-Concello de Vilagarcía 2022, cos resultados de seguimento especificados, acordando a publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello, sede.Vilagarcía.gal

PRP2022/4134

Dáse conta da proposta da proposta da Concellería de Promoción Económica, para cambio de destino do remanente de crédito do Programa de Axudas Municipais a contratación allea 2022 para o programa de axudas á creación de empresas:

PRIMEIRO. Mediante proposta nº PRP2022/4106, solicitouse ter por pechada a convocatoria do Programa de Axudas á contratación por conta allea correspondente ao ano 2022.

SEGUNDO. Que tal como se indica na devandita proposta ao remate do prazo de solicitudes e unha vez resoltas as formuladas, restan na partida de orixe 25.500 €.

TERCEIRO. Pola contra, no programa de axudas á creación de empresas 2022, recibíronse ata agora 28 solicitudes, sendo insuficiente a cantidade de 42.000 €, coa que inicialmente foi dotada a partida, para atender a todas as solicitudes presentadas.

CUARTO. O parágrafo 2º da base décima da convocatoria de axudas á creación de empresas,

establece o seguinte:

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Nos mesmos termos o parágrafo segundo da base Décimoquinta da convocatoria do Programa de Axudas a contratación por conta allea.

Tendo en conta o exposto,

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar que o remanente de crédito da partida 241-470 correspondente ás axudas á contratación por conta allea, sexa destinado a atender ás axudas solicitadas dentro programa de axudas á creación de empresas 2022, procedendo, de ser precisa, a efectuar a correspondente transferencia de crédito.

PRP2022/4159

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022, presentada por Fabian Orlando Mendoza Castro

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2022/4160

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022, presentada por Estefania Santorun Martínez.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.688,17€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2022/4161

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022, presentada por Clabosil, S.L.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2022/4162

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022, presentada por Iago Torres Cacabelos.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo

Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2022/4163

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2022, presentada por Rocio García Romero.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.911,67€, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/4142

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigrán Poghosyan Gharibyan, para a reparación do piano de cola Yamaha C3 do Conservatorio Profesional de Música, por un importe total de 605,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4207

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de outubro de 2022, de aprobación do orzamento presentado por Komitas Music, S.L. para o subministro dun piano vertical marca Kawai ND21, por un importe total de 4.200,00€ (IVE incluído), figurando no mesmo "con cargo á partida 3262-22199."

E debendo figurar "con cargo á partida 3262.62900".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2022/4121

O tempo de Nadal é propicio para o desenvolvemento de actividades que faciliten a conciliación da vida familiar e favorezan a calidade do tempo de lecer da infancia e da mocidade.

A demanda por parte da cidadanía, de actividades que favorezan a conciliación e o desfrute en familia do tempo libre, ven crescendo nos últimos anos, de xeito que as Concellerías de Promoción Económica, Cultura e Xuventude veñen desenvolvendo dende hai varios anos eventos durante o tempo de Nadal, que contribúen a consecución deste obxectivo, especialmente nun momento en que se busca unha relativa volta á normalidade trala crise xerada por mor da pandemia da Covid-19.

Con esta finalidade, as Concellerías de Cultura, Promoción Económica e Xuventude entenden que se debe levar a cabo a planificación e desenvolvemento das actividades lúdicas de Nadal, poñendo en marcha o FEXTURRÓN NADAL 2022-2023 no recinto FEXDEGA e que se levaría a cabo dende o día 26 de novembro de 2022 ata o día 8 de xaneiro de 2023, ambos inclusive, nas instalacións municipais de Fexdega.

Dado que o Concello carece de recursos materiais e humanos para levar a cabo o desenvolvemento desta actividade, acordouse solicitar orzamento a varias empresas.

Ademais, en cumprimento do establecido no artigo 118 da lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector público, o procedemento pode ser tramitado como expediente de contratación de contrato menor. (tal e coma ven recollido no artigo 118 da LCSP)

Así mesmo, en cumprimento do devandito artigo, en relación co devandito dictamen da Junta Consultiva de Contratación pública do estado, infórmase que no presente procedemento, non se está a alterar o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento por un importe total de de 24.307,69 € (ive engadido), coa seguinte desagregación:

Anualidade	Empresa	concepto	Partida	Total gasto
2023	Baygar S.L	Aluger andamio multidireccional. Montaje/desmontaxe. Plan de montaxe, certificación de instalación e portes de ida e volta	338.204	6.158,90 € (ive do 21% engadido)
2023	C&C Camarero & Cubo Ocio S.L.	Facturación en concepto de planificación, loxística, coordinación,execución e xestión do proxecto do periodo do 26 de novembro ao 8 de xaneiro de 2023)	2314.22610	18.148,79 € € (ive do 21% engadido)

Acórdase así mesmo a aprobación dass seguintes actividades e prezos:

Entrada xeral Pista de xeo: 7€/50min.

Tarifa Plana Pista de xeo: 10€ (sesión única sen límite de tempo).

Bono Pista de xeo: 10 entradas de 50 min: 54€

Tobogán de xeo natural: 5 baixadas 5€

Asumindo a empresa adxudicataria C&C Camarero & Cubo Ocio S.L.as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

- Asumindo ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4156

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases de Premios do 2ª Concurso Escolar de Decoración Sostible do Nadal, dirixido aos centros escolares do municipio, cun orzamento en concepto de premios polas diferentes categorías e traslados, de 3.250,00 € do orzamento de 2023, coa seguinte desagregación:

PREMIOS, por un importe total de 1.950,00 € (orzamento estimativo), con cargo á partida 2314.48100. Os premios repartiranse da seguinte forma:

- Premio pola participación. Tódalas escolas participantes recibirán un agasallo pola súa participación neste concurso, consistente nun lote de libros por importe de 75 euros.

- Premio popular de 150€ co fin de promover a participación dos veciños/as e visitantes na selección dunha das escolas premiadas, a través das redes sociais do Concello de Vilagarcía.

- Premio do xurado. Tres premios resultantes da valoración do xurado:

3º premio de 100 euros

2º premio 200 euros

1º premio de 300 euros

-Traslados dos participantes dende os centros educativos ata o Parque Miguel Hernández, cun orzamento estimativo de 1.300 €, a favor de Empresa Pereira. SL, con cargo á partida 2314.22610.

PRP2022/4152

Dáse conta de proposta da Concellería de Xuventude para a aprobación da ampliación do orzamento aprobado pola XGL do 13 de xuño de 2022 para a seguinte acción cultural: VILAGARCÍA DE AROUSA, CIDADE DO LIBRO 2022,

Trátase de gastos efectivamente realizados que non foron orzamentados previamente nin adxudicados pola devandita Xunta de Goberno Local e que se corresponden coa modalidade de contratos menores por razón de contía dos definidos no artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Publico 9/2017 de 8 de novembro de 2017.

Na Xunta de Goberno Local do 13 de xuño de 2022 aprobouse un orzamento total de 67.781,86 €

(ive engadido)

Desta cantidade total, a cantidade total estimativa de 3.000 €, estaba destinada a gastos de decoración e difusión, e sen adxudicación. Esta cantidade non foi suficiente para cubrir a contía total de gastos efectivamente realizados, entre os cales se incluíría un gasto en concepto de banner de 300 por 300 do 12 ao 19 de xuño en Praza de Galicia, presentado por Fundación Praza Pública con cif: G70319116, por importe de 423,50 € (ive do 21% engadido)

Por outra banda existe outro gasto efectivamente realizado e que non foi adxudicado debido á seguinte circunstancia: no deseño da actividade “Conversas ao Solpor”, considerouse necesaria a participación dunha periodista de recoñecido prestixio que realizara as funcións de guión e condución destes espazos de conversa cos escritores/as participantes no evento. Esta función foi encomendada á periodista Susana Pedreira Buján, que presenta factura por importe de 1.200 € (actividade exenta de iva).

Outros dos gastos efectivamente realizados e non estimados, orzamentados e adxudicados, foron a adquisición dos libros dos /as autores/as asistentes aos debates para a súa presentación e posterior sinatura. Os libros foron adquiridos á Librería Follas Novas Arousa Libros S.L por un importe de 280 € (ive engadido) e a Espacio do Lector S.L, no caso dos libros dos/as autores/as da presentación traspasada ao día 7 de xullo de 2022. (Manuela Carmena e Ramón Villares), por importe de 42,03 € (ive do 4% engadido)

A maiores, tamén recolleemos dous gastos imprevistos: pintura mate branco e paletinas utilizadas no evento e por importes de 54,45 € e 32,31 € respectivamente, suministrados pola empresa Decoplac Arosa S.L

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a modificación do acordo inicial e, polo tanto, aprobación da ampliación do orzamento aprobado pola XGL do 13 de xuño de 2022 nunha cantidade total de: 2.032,29 €, e con cargo á partida 2314.22610, ao obxecto de convalidación dos gastos dos contratos menores por omisión do procedemento de adxudicación previa, que de seguido se relacionan:

Número factura	proveedor	Cif	data	concepto	importe
2022-64	Fundación Praza Pública	G70319116	01/07/2022	Campaña publicidade banner 300 por 300	423,50 € (ive do 21% engadido)
3/2022	Susana Pedreira Buján	79331367C	28/10/2022	Guión e condución de “Conversas ao Solpor”	1.200 € (exenta iva)
23465	Follas Novas Arousa Libros S.L	B70523808	29/08/22	Lote de libros Cidade de Libro	280 € (ive do 4% incluído)
6312	Espacio do Lector S.L	B36164820	14/11/22	Libros de Manuela Carmena y Ramón Villares (presentación traspasada ao 7 de xullo de 2022)	42,03 € (ive do 4% engadido)
2200907	Decoplac Arosa S.L	ESB04956025	12/07/22	Titanlux esmalte eco mate branco	54,45 € (ive do 21% engadido)
2200904	Decoplac Arosa S.L	ESB04956025	12/07/22	Recambio e paletinas	32,31 € (ive do 21% engadido)

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/4172

Vista a proposta da Área de Igualdade - CIM, a Xunta de Goberno Local acorda a colaboración coa Asociación de Mulleres Rurais de Bamio para o fomento da recuperación patrimonial da actividade oleira en bamio, coa aprobación do orzamento presentado por Serigal Publicidad para o subministro de bolsas de algodón para promocionar a actividade, por un importe total de 314,48 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22601, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4174

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2022, de aprobación do orzamento e actos en conmemoración do 25N-Día Internacional da Violencia de Xénero, cun importe total de 2.147,75 €, con cargo á partida 2312.22610. figurando no mesmo:

...)

- Baños Print SL, rotulación Bus 25N traseira e laterais: 1.173,40 €

E debendo figurar:

- Baños Print SL, rotulación Bus 25N traseira e laterais: 1.137,40 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

CONTRATACIÓN

PRP2022/4133

